

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

12086 Orde PRE/2035/2012, do 24 de setembro, pola que se modifica a Orde PRE/1263/2009, do 21 de maio, pola que se actualizan as instrucións técnicas complementarias números 2 e 15 do Regulamento de explosivos, aprobado polo Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro.

A Directiva 93/15/CEE do Consello, do 5 de abril, relativa á harmonización das disposicións sobre a posta no mercado e o control dos explosivos con fins civís, establece, no seu artigo 14, que é necesario que as empresas do sector dispoñan dun sistema de seguimento da tenza dos explosivos que permita identificar, en todo momento, o seu tedor. Todo iso co fin de que a circulación de explosivos no mercado comunitario se desenvolva de forma segura e protexida.

No noso ordenamento xurídico a regulación da posta no mercado e o control dos explosivos con fins civís encontra a súa sede no Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de explosivos. Na disposición derradeira primeira do mencionado real decreto autorízanse os ministerios do Interior e de Industria e Enerxía (na actualidade, Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo), a que actualicen os contidos técnicos das instrucións técnicas complementarias, cuxos textos se achegan como anexos ao dito regulamento, tendo en conta a evolución da técnica e o que dispoñan as normas legais e regulamentarias que se diten sobre as materias a que se refiren.

Mediante Orde PRE/1263/2009, do 21 de maio, incorporouse ao noso ordenamento xurídico a Directiva 2008/43/CE da Comisión, do 4 de abril de 2008, pola que se establece, de acordo coa Directiva 93/15/CEE do Consello, un sistema de identificación e rastrexabilidade de explosivos con fins civís, xa que, mediante a citada orde, se levou a cabo a actualización das instrucións técnicas complementarias números 2 e 15, sobre «Identificación e rastrexabilidade de explosivos con fins civís» e «Etiquetas de identificación de envases e embalaxe», respectivamente, do Regulamento de explosivos.

A identificación única dos explosivos resulta esencial para poder levar os seus rexistros precisos e completos en todas as fases da cadea de fornecemento. Iso vai permitir a identificación e rastrexabilidade do explosivo desde o lugar de produción e a súa primeira comercialización ata o usuario e uso finais, co fin de previr o uso inadecuado e o roubo e co fin de axudar as autoridades que velan polo cumprimento da lei a que determinen a orixe dos explosivos perdidos ou roubados.

Non obstante, a Directiva 2008/43/CE foi obxecto dunha recente modificación por medio da Directiva 2012/4/UE da Comisión, do 22 de febreiro de 2012, coa tripla finalidade que sucintamente se expón a continuación.

Por un lado, por razóns de proporcionalidade, enténdese que as mechas, incluídas as mechas de seguridade, así como os cartuchos-cebo ou pistóns, deben ser excepcións do sistema de identificación e rastrexabilidade de explosivos con fins civís xa que, pese a que entran no ámbito da Directiva 93/15/CEE, se utilizan máis con fins pirotécnicos que como explosivos. Os posibles efectos dunha mala utilización poden ser similares aos efectos dunha mala utilización dos artigos pirotécnicos que presentan un baixo nivel de risco e, polo tanto, eses efectos son moito menos graves se se comparan cos doutros tipos de explosivos.

Por outro lado, a Comisión Europea considerou preciso pospoñer a aplicación da Directiva 2008/43/CE, co fin de que a industria de explosivos poida dispoñer de máis tempo para desenvolver plenamente, probar, validar e, por conseguinte, aumentar a seguridade dos sistemas electrónicos necesarios para aplicar a citada directiva. Para que isto sexa posible, a obriga, exclusiva de fabricantes e importadores, de marcar os explosivos débese adiar un ano, ata o 5 de abril de 2013. Ademais, as existencias de explosivos cunha vida útil

máis prolongada que foron fabricados con anterioridade e non están provistos dunha marcación conforme o disposto na Directiva 2008/43/CE seguirán estando na cadea de fornecemento e non resulta práctico obrigar as empresas a manter diferentes tipos de rexistro. Polo tanto, as obrigas sobre recompilación de datos e mantemento de rexistros débense pospoñer tres anos, isto é, ata o 5 de abril de 2015.

Así mesmo, é oportuno salientar que a obriga de marcar os explosivos recae exclusivamente nos fabricantes e nos importadores, non así nos que estean en posesión de licenza ou autorización unicamente para o almacenamento, transferencia ou comercialización, que soamente quedarán obrigados á recompilación de datos e ao mantemento dos rexistros.

Finalmente, na Directiva 2012/4/UE estableceuse que determinados artigos son demasiado pequenos para estaren provistos do código do lugar de fabricación e da información lexible electronicamente. Para outros artigos, colocar unha identificación única resulta tecnicamente imposible debido á súa forma ou deseño. Neses casos, a identificación requirida débese fixar en cada unha das unidades de envase máis pequenas.

A presente orde dá cumprimento ao disposto na Directiva mediante a reforma e actualización da disposición transitoria única da Orde PRE/1263/2009, do 21 de maio, e das disposicións contidas na Instrución técnica complementaria número 2 «Identificación e rastrexabilidade de explosivos con fins civís» do Regulamento de explosivos.

Respecto desta orde emitiu informe favorable a Comisión Interministerial Permanente de Armas e Explosivos.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Industria, Enerxía e Turismo e do Interior, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo primeiro. *Modificación da Orde PRE/1263/2009, do 21 de maio, pola que se actualizan as instrucións técnicas complementarias números 2 e 15, do Regulamento de explosivos, aprobado polo Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro.*

A disposición transitoria única da Orde PRE/1263/2009, do 21 de maio, pola que se actualizan as instrucións técnicas complementarias números 2 e 15, do Regulamento de explosivos, aprobado polo Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro, queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición transitoria única. *Prazo para a adecuación á nova normativa.*

1. Todas as persoas físicas ou xurídicas que posúan licenza ou autorización para a fabricación e importación de explosivos deberanse adaptar ás condicións establecidas na presente orde antes do 5 de abril de 2013.

Os explosivos identificados de acordo coa versión non actualizada das instrucións técnicas complementarias números 2 e 15 poderán ser fabricados e importados con esa identificación ata o 5 de abril de 2013. Desde esta data, todos os explosivos se deberán identificar de acordo co previsto nas novas instrucións técnicas, aínda que se poderán seguir comercializando e utilizando explosivos identificados de acordo co establecido nas instrucións técnicas complementarias números 2 e 15 actuais ata o 5 de abril de 2015. A partir do 5 de abril de 2015 todos os explosivos comercializados e utilizados deberán incorporar o novo tipo de marcación que estipula a presente orde.

2. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, o establecido no terceiro parágrafo do punto 3, respecto ao reenvasado de explosivos por parte dos distribuidores e no punto 4.B) 5 «Recollida de datos, mantemento de rexistros e obrigas das empresas» da Instrución técnica complementaria número 2 «Identificación e rastrexabilidade de explosivos con fins civís», non será de aplicación ata o 5 de abril de 2015.»

Artigo segundo. *Modificación da Instrución técnica complementaria número 2 «Identificación e rastrexabilidade de explosivos con fins civís» do Regulamento de explosivos, aprobado polo Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro, actualizada mediante a Orde PRE/1263/2009, do 21 de maio.*

A Instrución técnica complementaria número 2 «Identificación e rastrexabilidade de explosivos con fins civís» do Regulamento de explosivos, aprobado polo Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro, actualizada mediante a Orde PRE/1263/2009, do 21 de maio, modifícase nos seguintes termos:

Un. Engádesse un terceiro parágrafo no punto 1 coa seguinte redacción:

«O sistema de identificación e rastrexabilidade de explosivos con fins civís tampouco se aplicará a:

- a) Mechas, que son dispositivos de ignición, non detonantes, de tipo cordón.
- b) Mechas de seguridade, consistentes nunha alma de fino po negro rodeada dun tecido flexible cun ou máis revestimentos exteriores de protección e que, unha vez acesos, arden a unha velocidade predeterminada sen ningún efecto explosivo externo.
- c) cartuchos-cebo ou pistóns, consistentes nunha caparuzza de metal ou plástico que contén unha pequena cantidade dunha mestura explosiva primaria de rápida ignición por impacto e que serven como elementos de ignición para cartuchos de armas pequenas ou en cebos de percusión para cargas propulsoras.»

Dous. O primeiro parágrafo do punto 2 queda redactado da seguinte forma:

«2. Identificación única, marcación e fixación do produto. Todas as persoas físicas ou xurídicas que posúan licenza ou autorización para a fabricación e importación de explosivos deberán marcar os explosivos e cada unha das unidades de envase máis pequenas cunha identificación única ou clave de identificación sen prexuízo do disposto no capítulo I do título IV do Regulamento de explosivos.»

Tres. O primeiro parágrafo do punto 3.A) queda redactado da seguinte forma:

«A) Explosivos fabricados en España: no caso de explosivos fabricados en España, todas as persoas físicas ou xurídicas que posúan licenza ou autorización para a dita fabricación de explosivos deberán presentar ante a Intervención Central de Armas e Explosivos da Garda Civil unha proposta da identificación única dos seus produtos excepto no relativo ao segundo grupo do código de identificación alfanumérico. Será a dita intervención central de armas e explosivos a que atribuirá os tres díxitos identificativos do nome do lugar de fabricación do segundo grupo do código de identificación alfanumérico, outorgando sempre o mesmo número a cada lugar de fabricación.»

Catro. O punto 4.B)1 queda redactado da seguinte forma:

«1. Detonadores de mecha: a identificación única consistirá nunha etiqueta adhesiva ou nunha impresión ou estampación directa no casco do detonador. En cada caixa de detonadores colocarse cadansúa etiqueta relacionada coa que aparece en cada unidade. Ademais, as empresas poderán poñer en cada detonador cadansúa etiqueta electrónica inerte pasiva e en cada caixa de detonadores cadansúa etiqueta electrónica relacionada.»

Cinco. Os puntos 4.B)3 e 4.B)4 quedan redactados da seguinte forma:

«3. Cebos e multiplicadores: a identificación única consistirá nunha etiqueta adhesiva ou nunha impresión ou estampación directa no cebo ou multiplicador. En cada caixa de cebos ou multiplicadores colocarse cadansúa etiqueta relacionada

coa que aparece en cada unidade. Ademais, as empresas poderán poñer en cada cebo ou multiplicador cadansúa etiqueta electrónica inerte pasiva, e en cada caixa de cebos ou multiplicadores cadansúa etiqueta electrónica relacionada. Esta identificación única non será exixible para os cartuchos-cebo ou pistóns referidos no punto 1 desta instrución técnica complementaria.

4. Cordóns detonantes: a identificación única consistirá nunha etiqueta adhesiva ou nunha impresión directa na bobina. A identificación única marcarase cada 5 metros, ben na camisa externa do cordón, ben na capa interna de plástico extrudida situada inmediatamente debaixo da fibra exterior do cordón. En cada caixa de cordón detonante colocarse cadansúa etiqueta relacionada coa que aparece en cada unidade. Ademais, as empresas poderán inserir dentro do cordón cadansúa etiqueta electrónica inerte pasiva e en cada caixa de cordón cadansúa etiqueta relacionada.»

Seis. O punto C) do anexo queda redactado da seguinte maneira:

«C) Tratándose de artigos demasiado pequenos para que a súa identificación única conteña todos os grupos descritos nos puntos A) e B) deste anexo, considerárase suficiente a información indicada na letra A).b) i e ii, e na letra B).

En caso de que os artigos sexan demasiado pequenos para poder ir provistos da información indicada na letra A).b) i e ii, e na letra B), ou se a súa forma ou deseño fan que sexa tecnicamente imposible incluír unha identificación única, incluírase unha identificación única en cada unha das unidades de envase máis pequenas.

Cada unha das unidades de envase máis pequenas deberá estar selada.

Cada detonador de mecha ou cada multiplicador que se axuste á exención establecida no segundo parágrafo marcarase de forma duradeira e claramente lexible coa información establecida na letra A).b) i e ii. O número de detonadores de mecha ou multiplicadores que contén indicárase en cada unha das unidades de envase máis pequenas.

Cada un dos cordóns detonantes que se axuste á exención establecida no segundo parágrafo marcarase coa identificación única no cilindro ou na bobina e, se é o caso, na unidade de envase máis pequena.»

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de normas do dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde incorpórase ao ordenamento xurídico español a Directiva 2012/4/UE da Comisión, do 22 de febreiro de 2012, que modifica a Directiva 2008/43/CE pola que se establece, de acordo coa Directiva 93/15/CEE do Consello, un sistema de identificación e rastrexabilidade de explosivos con fins civís.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 24 de setembro de 2012.—A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia, Soraya Sáenz de Santamaría Antón.